

Fingoy, 29, XII, 1961

Sr. Don Xosé María Álvarez Blázquez  
Vigo

Querido Xosé María: Moitas gracias pola túa nota referente á "Resposta ó Rechamo".

Disme que se a publicación do "Rechamo" no "Heraldo" é de 1874, é posterior a do "Faro" e non te interesa maiormente. Inda que como te dixen, non teño nota dos anos en que se publicou no "Heraldo", creo poder afirmar que comezou a se publicar en ~~novbr.~~ de 1874, pois a páxina 336 do tomo I da colección ten que corresponder a ise mes e ano, xa que teño nota de que a pax. 329 corresponde ao número 45, xoves 12-11-74, e por ise tempo a publicación era semanal: de xeito que o número que nos interesa tivo que ser o 46 ou o 47, de 19 ou 26 do mesmo mes e ano. Nise caso, se no "Faro" publicouse en febreiro e marzo do 75, a ed. do "Heraldo" é anterior. Inda que houbera algunha interrupción na saída do "Heraldo", ou pasara algún número sen incluír a continuación do "Rechamo", o feito de que a páxina 336 pertenza ao tomo I sinala o mes de nadal de 1874 como termo "ad quem". Segundo as miñas deducións, no "Heraldo" o "Rechamo" rematou de se publicar en febreiro de 1875, o que está de acordo coa data da "Resposta", 4 de marzo dese mesmo ano. Así que creo na prioridade da ed. do "Heraldo" sobre a do "Faro".

Agora interésame a min saber se a edición que ti tes en folleto aparte está datada; e se non o está, se se pode afirmar ou non que é unha separata do "Faro", pois, en caso afirmativo, ficaría datada en 1875. Cando podas, me respondes a isto.

O que parez é que non é verosímil o que conxectura Couceiro (III, 97) de que a ed. princeps do "Rechamo" debe de ser de c. 1850. A data da

"Resposta" parez indicar que a ed, princeps é a do "Heraldo", pois Nóvoa fala como se respondera a un testo recente. A non ser que houbera efectivamente unha primeira edición que Nóvoa non coñecera, e ao ver o testo (reproducido, nista hipótese), no "Heraldo" decidira contestar. Non me semella isto probable. Nóvoa, que vivía en Ourense, leería o "Rechamo", no "Heraldo". Pro ?por qué non publicou a resposta nisa revista, en troques do "Faro"? Eu teño pa-peleteados todos os traballos en galego do "Heraldo", e a "Resposta" non está. Ademais, ?por qué a "Resposta" comeza "Quen queiras seas, cantore"? Nas miñas notas o "Rechamo" do H. aparez firmado "Juan M. Pintos". ?É que Nóvoa non coñecía ao autor da "Gaita gallega"? Non é imposible; pero á verdade a súa actitude sería menos estrana se houbera lido o testo de Vigo, firmado J. M.P., que podía ser Posada. Terás que aclarar todos estes puntos nos teus comentarios, notas ou introducción á túa futura edición de Pintos. A min, polo momento, o que me interesa é a data do folleto que poses; pero indícoche todos estes armónicos da custión porque sei que non deixarán de te interesar, e no seu día teralos en conta.

Á túa dona, a ti e a toda á túa familia desexamos todos nós un feliz ano 1962, no que agardamos escoitar o teu discurso de ingreso na Academia.

Apertas.

